

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 13 DE OUTUBRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13.00 horas, do día trece de outubro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctl.:

D. Alfonso Garcia Ferreira

ORDE DO DIA

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES.-
2. APROBACION EXPEDIENTES CONTRATACIÓN DE OBRAS DE REFORMAS DE ALUMADO PUBLICO EN PARDIÑEIRO, CABANELAS, PEDRASALGUEIRA, SALGUEIROAS E SANTAIA. SOLICITUDE OFERTAS ECONOMICAS.-
3. INFORMES DE VALORACION (FASE DE NEGOCIACION) DAS OBRAS PAS 2015. CLASIFICACIONE PROPOSTA DE ADXUDICACION.-
4. APROBACION DE FACTURAS.-
5. DONA J.J.M. SOLICITA SER INCLUIDA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-
6. DNA. A.I.R.D. SOLICITA LICENZA URBANISTICA PARA A AMPLIACION DE EXPLOTACION GANDEIRA EXISTENTE, MEDIANTE A CONSTRUCCION DE TRES SILOS FORRAXEIROS E UNHA SOLEIRA DE FORMIGON.-
7. SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
8. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES.-

Acordos adoptados:

Son aprobadas as seguintes actas:

- nº 18/2016 ordinaria que tivo lugar o 18/09/2016
- nº 19/2016 extraordinaria que tivo lugar o 28/09/2016
- nº 20/2016 extraordinaria que tivo lugar o 05/10/2016

2. APROBACION EXPEDIENTES CONTRATACIÓN DE OBRAS DE REFORMAS DE ALUMADO PUBLICO EN PARDIÑEIRO, CABANELAS, PEDRASALGUEIRA, SALGUEIROAS E SANTAIA. SOLICITUDE OFERTAS ECONOMICAS.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. Levar a cabo aos proxectos que a continuación se indican e orzamentos que se mencionan, mediante o procedemento de contrato menor.

PROXECTO	ORZAMENTO EXECUCION	I.V.E.	ORZAMENTO TOTAL
AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DE INSTALACION PÚBLICA EXTERIOR PARDIÑEIRO	16.759,46	3.519,49	20.278,95
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE CABANELAS	7.740	1.625,4	9.365,4
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE PEDRASALGUEIRA	10.950	2.299,5	13.249,5
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE SALGUEIROAS	7.500	1.575	9.075
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE SANTAIA	11.420	2.398,2	13.818,2

SEGUNDO. O obxecto do presente contrato e o indicado no punto anterior sendo os seus, estando comprendidos no Anexo y, do apartado 1 do artigo 6 do T.R.L.C.S.P., sendo o seu código CPV o seguinte: 45316000.

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente á prestación da subministración de e á adjudicación da execución da obra con cargo á aplicación 165. 633.00 do vixente Orzamento.

CUARTO.- Solicitar orzamento as seguintes empresas con capacidade de obrar e que contan coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, no que inclúan as ofertas máis vantaxosas para contratar, valorando entre outros: prazo de execución (ata 20 puntos), oferta económica (ata 10 puntos), calidade e garantía dos materiais (ata 20 puntos), e que deberán cumprir coa normativa establecida en materia de contratación pola Unión Europea e Lei de Contratos do Sector Público, así como calquera outro que considere oportuno a empresa licitadora; e que deberán prestalo no prazo de TRES días naturais seguintes a súa notificación, a saber:

- Rofaya, S.L.
- Grupo Mariño Obras y Serviciios, S.L.
- Insatel Instalaciones, S.L.
- Proxecta Obras e Servizos, S.L.

3. INFORMES DE VALORACION (FASE DE NEGOCIACION) DAS OBRAS PAS 2015. CLASIFICACIONE PROPOSTA DE ADXUDICACION.-

Acordos adoptados:

Propoñer ao órgano de contratación a súa clasificación, por orden de maior a menor puntuación, adjudicando cada obra ao licitador que obtivo a maior puntuación, e polos importes que ofertou, a saber:

ADXUDICATARIA	Denominación da obra	Orzamento Base Licitacion	I.V.E.	Orzamento Total	Partida orzamentaria
OBRAS y VIALES DE GALICIA, S.L.	Accesosen Frixoi (Bardaos) e Oulros	26.446,28	5.553,72	32.000,00	1531.61904

OBRAS y VIALES DE GALICIA, S.L.	Accesos apiscinaepolideportivode Pontepedra	25.619,84	5.380,17	31.000 ,01	1532.61904
OBRAS y VIALES DE GALICIA, S.L.	Accesos en Fontane Barral (Viladabade) e Outros	24.793,39	5.206,61	30.000,00	1531.61904
OBRAS y VIALES DE GALICIA,S.L.	Accesos a CPI Pecalama (Pontepedra)	24.793,39	5.206,61	30.000 ,00	1532.61904
SYR-AMG., S.L.U.	Bancadas no Campo de fútboldeGorgullos	46.482,11	9.761,24	56.243,35	933.62204
EXCAVACIONES JOSE VARELA IGLESIAS, S.L.	Acceso a Carballeira de Arriba en Viladabade e Oulros	26.200,00	5.502 ,00	31.702,00	1531.61904
OBRAS y VIALES DE GALICIA, S.L.	Accesos en Vilasal (Anxeriz) e Oulros	29.752,07	6.247,93	36.000,00	1531.61904
SYR-AMG., S.L.U.	Acceso a Igrexa de Tordoia	36.698,11	7.706,60	44.404,71	1531.61904
GESTAL Y LOPEZ, S.L.	Rehabiliaciónenerxética Centro Sociocultural do Castiñeiro	31.063 ,58	6.523,35	37.586,93	933.622.04

4. APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

Son aprobadas e ordenase o pago con cargo á partida correspondente do vixente orzamento.

Aplicación	Importe	NombreTer.	Registro
2016.920.21000	2070,67 €	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	F/2016/1587
2016.920.21200	2553,98 €	ALMACENES PALLAS, S.L.	F/2016 /1599
2016.920.21200	2018,28 €	INSTALACIONES LAMAS ORGUEIRA, S.L.	F/2016/1600

5. DONA J.J.M. SOLICITA SER INCLUIDA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

Acordos adoptados:

Conceder o Servizo de Axuda no Fogar de libre concurrencia.

6. DNA. A.I.R.D. SOLICITA LICENZA URBANISTICA PARA A AMPLIACION DE EXPLOTACION GANDEIRA EXISTENTE, MEDIANTE A CONSTRUCCION DE TRES SILOS FORRAXEIRO E UNHA SOLEIRA DE FORMIGON.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a segu inte licenza urbanística con suxeición ao proxecto presentado e ás normas de edificación e condicións particulares e xerais estab lecid as nas correspondentes Leis e Ordenanzas:

a) PROMOTOR: A.I.R.D.

b) SITUACION EMPRAZAMENTO: Vilar - Castenda

c) REFERENCIA CATASTRAL: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

d) TECNICO AUTOR DO PROXECTO: C.J.V.L., colexiado XXXX

- e) PRAZO PARA INICIO E TERMINACION DAS OBRAS: segundo disposto no punto 3º
- f) CONTÍA NAS QUE SE ORZAN AS OBRAS, EXECUCIÓN MATERIAL : 50.000,00. -€
- g) ALTURA , SUPERFICIE CONSTRUÍDA E OCUPACION DE PARCELA PERMITIDOS : 2,90m; 6780m2; 27,04%
- h) FINALIDADE DE ACTUACIÓN E USO AOQUE SE DESTINARÁ: Ampliación de explotación gandeira existente
- i) CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO OBXECTO DE ACTUACIÓN: Solo Rústico (LOUPMRG)
- j) TITULO PROXECTO: Ampliación de explotación gandeira existente, mediante a construción de tres silos torraxeiros e unha soleira de formigón.

Segundo.- Aprobar a liquidación de dereitos municipais, de acordo coas ordenanzas fiscais municipais reguladoras, sen prexuízo das comprobacións que procedan sobre o custo real e efectivo da obra, unha vez concluída e das liquidacións complementarias que resulten procedentes.

Terceiro.- O prazo de iniciación non poderá exceder de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución, non podendo interromperse as obras por tempo superior a SEIS MESES.

Cuarto.- A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, así mesmo, das autorizacións e concesións a outorgar por outras administracións públicas.

Quinto.- Realizadas as obras obxecto desta licenza DEBERÁ PRESENTAR CERTIFICADO FINAL DE OBRA e realizar a comunicación previa regulada no artigo 24 e seguintes da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia para comprobación por parte dos servizos técnicos municipais e para que este certifique a veracidade das obras obxecto do proxecto e inspección previa ao exercicio da actividade.

7. SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS. –

Acordos adoptados:

Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipal, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do Servizo municipal de augas.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.